

Estimados pais / nais:

Diante da inminente chegada das festas de Nadal e Reis, o Departamento de Normalización Lingüística quere poñer nas súas mans, como en anos anteriores, unha pequena lista de libros axeitados á idade do seu fillo, para que vostedes ou Os Reis agasallen @s nen@s con algún.

Lembrámoslles de novo que a lectura é unha fonte de información e de pracer , e que tódolos pais e nais deberían fomentala entre os seus cativ@s.

Tamén lles recordamos que nestas primeiras idades é importantísimo ler con eles e comentar as lecturas de tal xeito que os libros sexan un intermediario nas relacións familiares, un motivo para coñecerse e intercambiar opinións.

@s nen@s aos que lles contan ou len contos descubrirán que ese momento de pracer está relacionado co libro.

Se fomentamos que @s cativ@s vaian creando e aumentando a súa biblioteca persoal, a animación á lectura terá máis posibilidades de ser efectiva.

Se comentamos e valoramos con eles as historias, os seus gustos literarios iranse formando nas súas mentes.

*Aproveitamos a ocasión para desexarlles  
unhas felices festas e un bo ano 2015.*

**BO NADAL!!!**  
**2.014**



**Lecturas recomendadas**  
**E. INFANTIL**

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**  
**C.E.I.P. DE PETELOS**




**A TARTARUGA QUE QUERÍA DURMIR.**  
*A tartaruga ten moito sono e vai durmir o inverno todo. Cando xa está na cama, alguén chama á porta. Son os seus amigos con agasallos ..*

O medo á noite, á escuridade, ou o desacougo no momento de durmir resultan moi comúns durante a infancia. Por iso, cómpre que os nenos se identifiquen con personaxes que viven estas experiencias con tranquilidade, e desta maneira, se decaten de que o descanso e o silencio son necesarios.


En definitiva, un álbum para que reforcemos hábitos saudables e para que completemos o ritual de ir para a cama, cun conto, xusto antes de que nos venza o sono.

**Roberto Aliaga**  
 Alessandra Cimatoribus  
 OOO Editora  
 ISBN 978-84-9871-021-2



**MACARIO DROMEDARIO**  
 O pequeno dromedario, véndose incapaz de soportar os comportamentos abusivos dos seus irmáns, chora continuamente pero cando as cousas se complican para os demais Macario actúa con intelixencia e demostra quen é máis "forte".

Rachel Chaundler  
 Marisa Nuñez  
 Bernardo Carvalho  
 OOO Editora  
 ISBN: 978-84-9871-054-0



**O COELLIÑO BRANCO**  
 Un animal minúsculo gáñalle a partida ao mangallón. Invitación divertida ao xogo de palabras.

Autor: Xosé Ballesteros  
 (adapt.)  
 Ilustrador: Óscar Villán  
 Editorial: Kalandraka editora

ISBN: 9788484645481



**MARILUZ AVESTRUZ**  
 Mariluz Avestruz ten unha magnífica cola. Pola noite, para non esmagala, dorme coa cabeza enterrada e coa cola ao aire. Unha mañá, ao espertar, estira o pescozo e decátase de que non pode mover a cabeza. Mariluz patexa, espernexe, abanea a cola e tira, e tira, e tira... pero a cabeza está atrancada e de aí non se move. Se quere soltarse, non terá máis remedio que pedir axuda.

Rachel Chaundler  
 Bernardo Carvalho  
 OOO Editora

ISBN: 978-84-96788-10-7